

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019232	IES Monte da Vila	O Grove	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

1. Introducción

Se noutras épocas históricas era a palabra, tanto na súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e de transmisión de ideas e sentimentos, non cabe dúbida de que na época na que estamos inmersos/as a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes en ningunha outra época da historia da humanidade.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual impártese nos cursos de primeiro e terceiro da ESO e dá continuidade á educación artística recibida polo alumnado nas etapas anteriores, facilitándolle o seguir afondando no coñecemento e valoración crítica das imaxes, potenciar o coñecemento e o respecto polo patrimonio cultural e artístico, e poñer en práctica a expresividade propia mediante a realización de producións individuais e colectivas.

Esta materia está deseñada a partir de oito obxectivos que saen dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que configuran o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. A materia ten un enfoque eminentemente práctico o que leva a que o alumnado se inicie na produción artística sen necesidade de dominar as técnicas nin os recursos, e que vaia adquirindo estes coñecementos en función das necesidades derivadas da súa propia produción.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia artículanse en catro bloques. O primeiro leva por título «Patrimonio artístico e cultural» e inclúe contidos relativos aos xéneros artísticos e ás manifestacións culturais máis destacadas. O segundo, denominado «Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica», abrangue os elementos, principios e conceptos que se poñen en práctica nas distintas manifestacións artísticas e culturais como forma de expresión. O terceiro bloque, «Expresión gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos», comprende tanto os procedementos gráfico-plásticos como as distintas operacións técnicas ademais dos factores e as etapas do proceso creativo e unha introdución aos sistemas de representación máis importantes. Inclúese tamén unha introdución á xeometría plana e aos sistemas de representación. Por último, o bloque «Imaxe e comunicación visual e audiovisual» incorpora os contidos relacionados coas linguaxes, as finalidades, os contextos, as funcións e os formatos da comunicación visual e audiovisual.

O Departamento de Debuxo entende a materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual como motor do desenvolvemento das capacidades perceptivas, estéticas e expresivas da persoa. A sociedade actual posúe unha extraordinaria capacidade para producir e consumir imaxes e documentos audiovisuais. Estas son facilmente transmisibles e chegan a toda a cidadanía a través dos medios de comunicación, constituíndo un poderoso medio de expresión, coñecemento e transformación da realidade, podéndose converter nun medio de manipulación do pensamento das persoas. Cómpre potenciar, a través da análise e da valoración das mensaxes visuais, un xuízo crítico no alumnado co que poida alcanzar un criterio propio.

A percepción visual é un proceso cognitivo que implica un conxunto de estratexias básicas: seleccionar, analizar, distinguir, relacionar, etc. Aínda que todas as áreas do currículo desenvolven a capacidade de observación do alumnado, a Educación Plástica, Visual e Audiovisual incide especialmente no desenvolvemento da percepción e no pensamento visual. A creación de imaxes e o coñecemento dos códigos que interveñen neste proceso, así como dos fundamentos da linguaxe visual e plástica, axudarán ao desenvolvemento da capacidade creativa e imaxinativa da persoa á resolución dos procesos de creación artística.

Na etapa dos doce ós dezaseis anos o alumnado adquire destrezas e fai análises máis particulares. Nesta fase de preadolescencia e adolescencia os alumnos experimentan grandes cambios físicos e psicolóxicos, perdendo a espontaneidade e desinhibición e volvéndose máis críticos coas súas accións e as imaxes que lles rodean. Para fomentar a desinhibición, a programación contén unidades que se desenvolverán con actividades en grupo, e para orientalos cara a unha actitude crítica construtiva, con cada unidade se realiza unha posta en común ou debate en torno ós resultados obtidos. O traballo cooperativo é fundamental na aprendizaxe desta área. O intercambio de opinións e ideas, permite abordar unha actividade dunha forma máis creativa e responsable por parte de todos aqueles que conforman o grupo de traballo, confrontando e intercambiando experiencias.

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual debe contribuír a desenvolver dous aspectos fundamentais da formación: a percepción e a representación, saber ver e saber facer. Os eixos que vertebran este currículo representan dúas cuestións fundamentais para a adquisición das capacidades que se pretenden: ensinar a ver, ensinar a representar.

O alumnado debe aprender a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas do propio patrimonio cultural e do alleo. Tamén experimentar e investigar con distintas técnicas plásticas e visuais para expresarse a través da imaxe. Todo isto, xunto co espírito creativo, a investigación e a autocrítica, fomentan a iniciativa e autonomía dos alumnos.

Dende este Departamento pretendemos potenciar nos adolescentes o desenrolo das capacidades:

- a) Perceptivas e cognitivas: percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas, investigar diversas técnicas plásticas e visuais e identificar as relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes.
- b) Estéticas e creativas: apreciar o feito artístico e desenrolar a propia creatividade e expresión persoal de acordo ó entorno e tempo que lle toca vivir.
- c) Sociais e afectivas: aprender a respectar, apreciar e interpretar outros modos de expresión visual e plástica, tamén a relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo.
- d) Estruturais, de planificación, toma de decisións e avaliación: determinar as fases dun proceso de realización, análises crítico dos seus compoñentes para adecualos ós obxectivos, revisión e acabado en cada unha das fases.

Para que consigan acadar:

- a) Un desenrolo de actitudes e hábitos de análise e reflexión.
- b) Destreza nas técnicas útiles para enfrontarse a situacións diversas e as vinculadas á orde e coidado nos procesos de elaboración de traballos.
- c) Fomentar o espírito crítico e a creatividade.
- d) A comprensión da linguaxe das formas, contribuíndo ó desenrolo da súa persoal sensibilidade.
- e) Un compromiso persoal co patrimonio artístico como expoñente da memoria colectiva.
- f) Un desenrolo da capacidade de abstracción para a comprensión de trazados e convencionalismos.

Na medida en que a creación artística supoña un traballo en equipo, promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e contribuírase á adquisición de habilidades sociais.

En canto o contexto do centro IES Monte da Vila, está sito na vila de O Grove, e nel impártense as ensinanzas de ESO, bacharelatos de Artes, Ciencias naturais, Ciencias sociais e Humanidades, a Formación Profesional de grado básico de Informática de Oficina e a Formación Profesional de grado medio de Sistemas Microelectrónicos e Redes.

O Grove sitúase na costa da provincia de Pontevedra, formando unha península que pecha a ría de Vilagarcía polo sur. Trátase dunha vila fundamentalmente mariñeira e rural, cunha poboación de case once mil persoas dedicadas a explotación dos recursos do mar, da ría e servizos. Na vila hai outro centro público da ESO de onde proceden a metade dos alumnos do noso bacharelato.

O alumnado é de clase media ou media-baixa, e fundamentalmente bilingüe con presenza tanto de galego como de español como linguas vehiculares. Tendo en conta os recursos da zona e as súas posibilidades, parécenos axeitado recorrer a eles para introducir na programación contidos teóricos e prácticos de interese común, así como, participar de forma activa nas propostas do centro e de diferentes entidades do Grove.

As características do alumnado son variables destacando a alta cantidade de alumnado con situacións sociais complexas e, en consecuencia, en diversas ocasións, con dificultades económicas, o que debe apuntarse para unha mellor atención individualizada dos estudantes do noso centro.

Os intereses do alumnado respecto a o desenrolo profesional, atendendo fundamentalmente as preferencias de bacharelato, son variados pero habitualmente dirixidos aos estudos de grados universitarios ofertados en Galicia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se convierten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			1-3	1-2		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	1-2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		1-3
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Percepción visual	A percepción visual e a observación. Principios perceptivos. Efectos visuais. Ilusións ópticas. Elementos de expresión e técnicas gráfico-plásticas.	12	10	X		
2	A cor	A natureza da cor. Cor luz e cor pigmento. Ordenación das cores. Contraste cromático. Harmonía cromática. Cor e técnicas gráfico-plásticas.	14	12	X		
3	A composición	Fundamentos da composición. Esquemas e ritmos compositivos. Equilibrio visual. Abstracción e figuración.	7	6	X		
4	A xeometría no arte e no deseño	Trazados xeométricos básicos. Polígonos regulares. Tanxencias e enlaces. O proceso creativo. Etapas. O Deseño. Redes modulares.	20	16		X	
5	Técnicas e sistemas de representación tridimensionais.	Procedementos e técnicas tridimensionais. Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. Sistema axonométrico: esbozo isométrico.	14	8		X	
6	Lectura de imaxes	A linguaxe visual. Lectura visual de imaxes. A imaxe fixa: a fotografía. Imaxe e texto: A ilustración. O cartel.	15	8			X
7	A imaxe en movemento	A imaxe en movemento. Comunicación audiovisual. O cine e a animación.	18	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Percepción visual	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas producións propias.	TI	100
CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.	Explicar o proceso de produción artística cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.		
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas e axustándose ao obxectivo proposto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura.
- A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores.

UD	Título da UD	Duración
2	A cor	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.	Saber expresar minimamente, dun xeito aberto e respectuoso, as emocións e a satisfacción que emanan da percepción dunha obra de arte.	TI	100
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas producións propias.		
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas e axustándose ao solicitado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Os xéneros artísticos.
- Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura.

UD	Título da UD	Duración
3	A composición	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Valorar a importancia do patrimonio galego a través do coñecemento de obras de arte.	TI	100
CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar mínimamente ideas e sentimentos a través da experimentación con diversas técnicas.		
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico experimentando coas técnicas e axustándose ao solicitado.		
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Os xéneros artísticos.
- A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
4	A xeometría no arte e no deseño	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar de xeito sinxelo as producións propias e alleas desde unha mirada estética, respectando a diversidade cultural.	TI	100
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar mínimamente conceptos, ideas e sentimentos a través da experimentación con diversas técnicas.		
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna nas producións propias.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, axustándose ao obxectivo proposto, e amosando iniciativa no emprego da linguaxe, materiais, soportes e ferramentas gráficas.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns. - O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar. - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.

UD	Título da UD	Duración
5	Técnicas e sistemas de representación tridimensionais.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado.	TI	100
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, axustándose ao obxectivo proposto, e amosando iniciativa no emprego da linguaxe, materiais, soportes e ferramentas gráficas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.
- Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico.

UD	Título da UD	Duración
6	Lectura de imaxes	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, e describir as súas particularidades e o seu papel como transmisoras de conceptos, valores e convicións, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Ser quen de recoñecer mínimamente os factores que condicionan as distintas producións plásticas así como a súa función dende unha perspectiva de xénero, con curiosidade e respecto.	TI	100
CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio.	Coñecer diversas propostas plásticas significativas e analízalas para incorporalas ao imaxinario propio desde unha perspectiva de xénero.		
CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Recoñecer, dun xeito básico, a pertenza dunha obra de arte a un contexto cultural e histórico a través da análise da configuración formal e os factores sociais que a condicionan.		
CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos e linguaxes de producións artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego. - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.

UD	Título da UD	Duración
7	A imaxe en movemento	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características das distintas técnicas audiovisuais e as súas linguaxes, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado.	TI	100
CA4.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas na elaboración de producións propias.		
CA4.4 - Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un proxecto gráfico plástico con iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración das mensaxes propias e axustándose ao solicitado.		
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os diferentes usos que poden ter as producións audiovisuais e argumentar cun mínimo de reflexión sobre as súas posibilidades e importancia na sociedade.		
CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación.
- Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual vai ter un carácter eminentemente práctico, activo e participativo pois se pretende que o alumnado, a través de traballos individuais e colectivos, proxectos, exercicios e láminas aprenda non só as destrezas, senón tamén os contidos conceptuais propios de cada unidade programada.

A metodoloxía a empregar está pensada para resolver as dúbidas persoais e dar cobertura a alumnos/as con distintas destrezas, capacidade e ritmos de aprendizaxe. Expresado de xeito xeral para toda a Aprendizaxe Comprensiva, o desenvolvemento dos contidos na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual baséase na concepción activa do mesmo (volta á aula-taller), tomando como principio elemental aprender a ver (comprender os estímulos que reciben) e aprender a facer, e dicir, aprender a expresar correctamente as sensacións/emocións que produce a percepción do entorno e a súa expresión gráfico-plástica. Preténdese:

- Estimular no alumnado un encontro a través da percepción da súa realidade concreta e das vivencias e do entorno que o rodea, diversificando a oferta educativa na aula e potenciando o coñecemento "in situ" dos elementos xeradores de formas e conceptos artísticos da súa propia vila e arredores, incidindo na auto-estima do mundo e cultura que lle son comúns e cotiáns.
- Fomentar e incentivar a busca de información sobre aqueles temas que lles resulten suxerentes e facer que aquelas inquiredanzas das que poden resultar propostas creativas interesantes as aprecien como tais e as desenvolvan desde o seu propio esforzo e traballo como medio de formación persoal.
- Que o alumno/a atope nas experiencias e contidos que se tratan na aula un medio desenvolto de expresión no que se sinta seguro/a e que lle proporcione satisfacción e suficiencia. Que aprenda a observar e tirar as conclusións que formarán a súa capacidade de discernimento. O interese pola participación e experimentación que se pretende espertar cunha metodoloxía de traballo activo suporá a implicación do/a estudante no desenrolo de actividades que lle permitirán chegar aos resultados apetecidos ao tempo que lle proporcionarán a satisfacción dunha necesidade expresiva realizada. Suporán un reafirmamento da súa capacidade para desenvolver procesos e técnicas que seguramente non tiña descuberto así como o potenciar da súa propia capacidade de expresión plástica.

Podemos concretar o proceso nas seguintes fases: Ambiente capaz, Participación, Dialéctica, Incardinación no medio, Destrezas, Traballo cooperativo e Obxectivos.

- Ambiente capaz: A primeira e necesaria é a definición dun ambiente capaz de estimular o proceso creativo; especial, propicio, agradábel. Temos experimentado con grande satisfacción e resultados que ao contrario do que puidera suceder en outras Áreas- o ambiente musical relaxa e concentra ao alumno/a no traballo que está a realizar, potenciando a súa actividade creativa.
- Participación: O proceso de aprendizaxe deberá implicar ao alumno/a excitando a súa curiosidade, motivando o seu desexo de participar no descubrimento e/ou análise dos temas que lle resultan próximos e atractivos, espertando o seu interese en traballar sobre eles, provocando a súa participación e expresividade. Facilitarase a comprensión das diversas linguaxes, e a complementariedade ou simultaneidade delas e a adecuación de todas á expresión, incidindo no recoñecemento da expresión plástica (da linguaxe plástica) como un medio máis ao seu alcance.
- Dialéctica: No desenrolo de moitas solucións para un problema concreto dado esterase fomentando a diversidade de expresións diferentes fronte a un mesmo estímulo (elemento-imaxe), potenciando o enfrontamento plástico-dialéctico entre os propios alumnos na vía de estimular a súa capacidade crítica, incrementando a actividade positiva e receptiva cara o proceso creativo e de estimulación.
- Incardinación no medio: Consideramos moi importante o contacto directo co feito natural e artístico que envolve as vivencias dos propios alumnos. O seu entorno e hábitat, composto por infinidade de imaxes, signos, grafismos, simboloxías e mensaxes diversas serán quen de potenciar a súa incardinación no medio como xeito de asumir e comprender a súa propia historia e cultura e de onde deberán recoller información e propostas de traballo, sendo a principal tarefa do profesor, non marcar un rumbo prefixado e concreto, senón estimular a capacidade de apreciación de moitos elementos e imaxes que ate o de hoxe seguramente lle pasaron desapercibidos e que no momento de encarar o seu coñecemento e análise lle resultan evocadoras de respostas que fomenten a súa actividade plástica.

- Destrezas: O coñecemento do feito creativo pasa necesariamente pola adquisición de determinadas destrezas no manexo dos instrumentos e materiais; destrezas que non serán conseguidas sen unha práctica habitual na aula e que o profesor debe fomentar e estimular, dedicando o tempo necesario sen regatear esforzos diante das posíbeis dificultades que se presenten; dificultades propias dos alumnos como dos medios materiais dispoñíbeis no centro. A maioría dos recursos plásticos están ao alcance de calquera alumno e do propio centro, polo que os exercicios que realicen con estes procedementos serán obrigatorios.

- Traballo cooperativo: Na aprendizaxe cooperativo os obxectivos dos participantes áchanse estreitamente vinculados, de tal xeito que cada un deles só pode alcanzar os seus obxectivos si os demais conseguen alcanzar o seu. É un sistema de interaccións que organiza e induce a influencia recíproca entre os integrantes dun equipo. Os elementos fundamentais da aprendizaxe cooperativo son: o trato cara a cara, a interdependencia positiva, a responsabilidade individual e as habilidades sociais para traballar en grupo.

1. O trato cara a cara: Aínda que hoxe en día as ferramentas telemáticas permiten aos membros dun grupo interactuar na distancia, o traballo do grupo mellora, e é máis agradecido, cando o grupo interactúa fisicamente, cara a cara.

2. Interdependencia positiva: Unha tarefa de grupo ten interdependencia positiva cando todos os membros do grupo son necesarios para que a tarefa poida realizarse con éxito.

3. Responsabilidade individual: En cada traballo deben establecerse dous niveis diferentes de responsabilidade: o grupo debe ser responsable de alcanzar os seus obxectivos e cada compoñente do grupo debe ser responsable de contribuír, coa súa actitude e tarefa, á consecución do éxito do traballo colectivo.

4. Habilidades sociais para traballar en grupo: As habilidades sociais deben ensinárselle aos estudantes como unha finalidade e como habilidades académicas en si mesmas. O liderado, a toma de decisións, a construción da confianza, a comunicación e as habilidades en resolver conflitos, deben guiar tanto o traballo do equipo como as súas relacións a efectos de alcanzar os contidos de xeito exitosa.

- Obxectivos: Para a consecución dos obxectivos propostos e o desenrolo adecuado e preciso da metodoloxía proposta compre ordenar e clarificar os seguintes pasos a dar na execución do sistema de aprendizaxe:

1. Superado o primeiro punto de partida, a recollida de datos e almacenamento de información, conseguido, espertado e estimulado o interese dos alumnos/as, traducidos a imaxes e símbolos as propostas de traballo, a seguinte fase consistirá nunha axeitada selección, analizando e comprendendo os elementos aportados, sentando os principios fundamentais que o alumno debe aprender, formulando a terminoloxía específica que acompañará aos coñecementos adquiridos así como a súa aplicación en técnicas de traballo.

2. Tamén optaremos por métodos de traballo diferentes á experimentación que proporciona a propia execución das obras, dando por suposto a imprescindible aprendizaxe a través da práctica cos materiais que dispoñamos en cada caso; estémonos a referir a métodos que diversifiquen a actividade que se realiza, efectuando visitas a museos, coñecendo arquitecturas e monumentos, tomando notas do propio entorno natural, e o uso de materiais audiovisuais e o emprego de técnicas de deseño asistido, etc. As prácticas, tanto na aula como no taller, poderán ser complementadas con proxeccións, conferencias e charlas de especialistas, etc.

3. As técnicas que vaian ser empregadas, serán introducidas gradualmente, significando con claridade os tempos que se van a dedicar a cada unha e reservando, ao longo do curso, períodos de reforzo, de revisión das técnicas xa tratadas e experimentadas, con fin de que os alumnos/as teñan sempre un contacto global cos diferentes procedementos proporcionando actividades de re-encontro e actualización evitando que calquera técnica quede esquecida e non se recorra a ela aínda sendo preciso- por carecer da suficiente confianza na súa práctica.

4. A Linguaxe Visual, alén da súa especialidade dentro da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, ofrece ao alumno/a os suficientes recursos plásticos e expresivos como para permitir-lles o seu desenvolvemento en calquera outra Área que precise dun recurso gráfico para a súa análise, estudo ou presentación; deberase potenciar e animar ao alumnado a que adquira o hábito do uso expresivo plástico, fomentando ao mesmo tempo, deste xeito, a ampliación do tempo dedicado ás actividades gráfico-plásticas e mellorando o seu rendemento nas outras áreas do currículo.

En tódalas propostas prácticas seguirase as seguintes pautas metodolóxicas:

1. O profesor da materia formulará o traballo: cal é, como se fai y cal é o resultado final.

2. Informarase da fecha de entrega e do procedemento de avaliación.

3. Mediante o canón ampliarase, se fora necesario, a información. As imaxes e apuntamentos son os propios dos que dispón o departamento. A esta explicación pódese engadir o apoio de varias direccións de internet que reforcen o tema dado.

4. O alumno realizará diferentes traballos sobre a unidade que estase a tratar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Mobiliario do aula ordinaria: pizarra branca, mesas, cadeiras, estanterías.
Ordenador con conexión a internet, proxector e pizarra interactiva.
Plataformas de ensino virtual: Aula Virtual do centro e Edixgal.
Libro de texto: Aínda que os alumnos non levan asignado un libro de texto o Departamento dispón de exemplares para tódolos niveis de distintas editoriais (SM, Santillana e Teide).
Libros de consulta específicos de arte e técnicas de expresión gráfico plástica.
Materiais das aulas específicas: As aulas de Plástica contan con máis material do Departamento de Debuxo: cabaletes de pintura e volume, boneco articulado e figuras de escaiola para a aprendizaxe do debuxo.

A materia impartirase na aula de Plástica 2 de forma maioritaria, dispoñendo para ocasións puntuais da aula ordinaria.

- Materiais do alumno: O material funxible que utilizará o alumnado, será mercado por este e é a súa responsabilidade traelo e dispor del nas clases. Ao comenzo do curso o na semana anterior a realización dos exercicios o talleres, o profesor expoñerá o material necesario.

O material común a todos os cursos é: papel axeitado, lapis, goma, compás, regra, escuadra, cartabón, lapis de cores, rotuladores, témperas, pinces, tesoiras, e pegamento de barra. No curso de cuarto engadirase o carbón e a tinta.

Incentivarase no alumnado o uso de materiais reutilizados e de refugallo: distintos tipos de papeis usados, materiais procedentes do uso cotiá, etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é unha parte do proceso de ensinanza e aprendizaxe, que se desenvolve de xeito continuo e diferenciado para cada un dos alumnos; e é tamén un instrumento de realimentación do mencionado proceso. O seguimento que se faga a través do devandito proceso traducirase, ademais, en orientación, apoio e estímulo para os alumnos.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno concíbese e practícase do seguinte xeito:

- Individualizada: centrándose no caso concreto de cada alumno.
- Integradora: para o que contempla a posibilidade da existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación seleccionados.
- Cualitativa: na medida na que se aprecian todos os aspectos e non soamente os de carácter cognoscitivo.
- Orientadora: pola información que proporciona ó alumno para mellorar o seu proceso de aprendizaxe.
- Continua: xa que acompaña o proceso de aprendizaxe en todas as súas fases, para o que se contemplan tres modalidades:

1. Avaliación inicial: proporciona datos do punto de partida de cada alumno, sendo unha primeira fonte de información sobre coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.

2. Avaliación formativa: confire unha visión das dificultades e progresos de cada caso ó longo da evolución do proceso de aprendizaxe.

3. Avaliación sumativa: establece os resultados ó término do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución de obxectivos.

4. Así mesmo contémplese no proceso a existencia de elementos de autoavaliación e coevaluación que impliquen ós alumnos no proceso.

Desde o comezo de curso ata a avaliación inicial iranse realizando exercicios e observando en cada alumno, diferentes capacidades e destrezas relacionadas coa materia e coas competencias clave. As devanditas probas ten un

carácter práctico a través das cales detectaranse o nivel de partida das destrezas e capacidades técnicas, espaciais e creativas do alumnado.

TIPOLOXÍA DA PROBA DE AVALIACIÓN INICIAL

Realizarase una proba de carácter práctico que aúne a detección das destrezas e do nivel de partida do alumnado. Consistirá na realización dun debuxo onde utilizarase, grafito, rotuladores e os lapis de cores como técnicas en 3º de ESO. A temática estará relacionada cos elementos que conforman a natureza e o contorno do ser humano. A devandita proba será acordada polo Departamento de Debuxo previamente a súa realización.

- Actividade A1: Completar os espazos en branco dunha imaxe empregando como técnica o grafito tentando que exista a menor diferenza posible entre o debuxo e a fotocopia.
- Actividade A2: Realizar nunha folla facilitada polo profesor unha interpretación libre da mesma imaxe (abstraer, ilustrar, animar ou modificar). Nesta actividade trátase de ser imaxinativo, non é tan importante a capacidade de debuxar de maneira realista. Poderase empregar cor e búscanse bos acabados.
- Actividade B: Realizar un debuxo a grafito sobre un esquema plantexado e imitando a imaxe que aparece como modelo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	14	7	20	14	15	18	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase do seguinte xeito:

a) Mediante entregas de actividades propostas polo profesorado e proxectos de clase. A nota deste apartado será a media aritmética de todos os traballos, valorándose cun 0 os non presentados. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 80%

b) A través da elaboración de proxectos de creación persoal, individual ou conxunta: produción de obras, proxectos propios, participación en concursos e actividades do centro, traballos escritos e orais de investigación e exposición. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 20%

Para aprobar cada unha das avaliacións, o alumnado deberá:

- Presentar todos os traballos obrigatorios de aula acadando os mínimos de cada traballo.
- Non acadar un 0 nos proxectos de creación persoal.

AVALIACIÓN FINAL

A cualificación final obtense da media aritmética das cualificacións das tres avaliacións.

RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS SUSPENSAS

Todas as avaliacións teñen a súa recuperación:

- Traballos obrigatorios non entregados: realización dos mesmos.
- Traballo en grupo e actitude negativa ao respecto: cambio de actitude e desenvolvemento axeitado do traballo en grupo na seguinte avaliación.
- Todas as avaliacións se recuperarán na seguinte avaliación, exceptuando a terceira que disporá das semanas seguintes ata a avaliación final.

Criterios de recuperación:

RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS SUSPENSAS

Todas as avaliacións teñen a súa recuperación:

- Traballos obrigatorios non entregados: realización dos mesmos.
- Traballo en grupo e actitude negativa ao respecto: cambio de actitude e desenvolvemento axeitado do traballo en grupo na seguinte avaliación.

RECUPERACIÓN FINAL

O alumnado que non supere a materia coa media das tres avaliacións realizará, durante a 3ª avaliación, antes da avaliación final ou ordinaria, un plan de traballo de recuperación establecido polo profesor/a da materia. O plan de traballo se estrutura en láminas baseadas nos estándares de aprendizaxe non acadados. O plan de traballo ten carácter obrigatorio e o alumno terá que entregalas ben acabadas e completas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

PROCESO DE RECUPERACIÓN DO ALUMNADO DE 3ºESO COA MATERIA DE EPVA PENDENTE DE 1ºESO

Ao cursar todos os alumnos de 3º da ESO a materia de EPVA todo alumno que supere a materia en 3º recuperará a de 1ºda ESO, xa que na materia de EPVA a adquisición das capacidades e destrezas faise de forma progresiva.

Os alumnos que non aproben as dúas primeiras avaliacións terán a oportunidade de recuperar a EPVA de , ao igual que os alumnos de 2º coa materia pendente, realizando unha proba extraordinaria que se levará a cabo no mes de maio. Este exame ou proba obxectiva consistirá na realización de varios exercicios de xeometría, definición de conceptos básicos e dous exercicios de debuxo e cor vinculados aos estándares de aprendizaxe concretos. Por outro lado, a partir das actividades realizadas ao longo das avaliacións ata o mes de maio avaliarase tamén as competencias clave

6. Medidas de atención á diversidade

Sendo a diversidade un factor inherente ó desenvolvemento humano, a educación ten a obriga de buscar un equilibrio entre a comprensibilidade do currículo e a diversidade do alumno. Enténdese como atención á diversidade toda aquela actuación educativa que estea dirixida a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, étnicas, de inmigración e de saúde do alumnado.

O obxectivo da Educación Secundaria Obrigatoria é ofrecerlles ós alumnos unha cultura común, á que deberá acceder calquera persoa en igualdade de condicións. Non se pode, en consecuencia, pretender a súa uniformidade. O respecto ás particularidades de cadaquén implica propoñer aprendizaxes e actividades que teñan en conta que as necesidades, intereses e capacidades de aprendizaxe son moi distintas entre os alumnos, debido a factores de tipo individual ou de orixe socio-cultural.

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS

Esta área, á hora de tratar esta diversidade de alumnos, ofrece unha amplía posibilidade de diferentes estratexias que permiten darlles resposta ás diversas realidades do alumnado, relacionadas tanto co método de ensino como coa organización interna do grupo na aula.

- En primeiro lugar, a principio de curso, realizaremos unha avaliación inicial que nos permita coñecer o punto de partida de cada alumno, utilizando unha serie de actividades , que aportarán a información necesaria para coñecer o nivel perceptivo e expresivo de cada un deles.

- A diversidade entre o alumnado se debe atender na aula de forma individualizada na fase de realización das actividades. En cada sesión canalizaranse os diversos comportamentos e necesidades, dende os alumnos motivados, participativos, creativos e autónomos ata aqueles que manifestan dificultades de comprensión o a falta de habilidade e precisen axudas personalizadas.

- Estableceranse diferentes materiais didácticos con diferentes graos de dificultade segundo as necesidades de cada

alumno. Así aínda que se espera que a maior parte do alumnado realice todas as propostas baixo a orientación personalizada do profesor, o material debe permitir que un alumno con menos capacidades realice só aqueles exercicios máis adecuados para que avance seguindo un itinerario sinxelo e axeitado o seu ritmo de traballo.

Diferéncianse dous niveis de adaptación: de centro, de aula e individualizada. Nesta última, sempre que se poida, darase resposta ás necesidades do alumnado desde a programación de aula xa sexa reducindo contidos non esenciais, empregando actividades de reforzo ou adaptando criterios de avaliación, é dicir, realizando no seu caso unha facilitateo non significativa. Se fose necesario eliminar contidos esenciais, obxectivos xerais que se consideran básicos na nosa materia e a conseguinte modificación dos criterios de avaliación realizaríase unha adaptación curricular.

Na programación hai que ter en conta en todo momento a atención ós alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), xa que constitúe un obxectivo primordial ofrecer unha cultura común na que todos teñan igualdade de condicións. Primeiro temos que observar os alumnos do grupo e no caso de presentar algún tipo de dificultade ou problema (déficit físico, psíquico, sensorial, altas capacidades, trastornos graves de desenvolvemento e trastornos de conduta, de orixe socio-cultural), temos que tomar as medidas oportunas, segundo as necesidades de cada un.

Como estratexias didácticas, recoméndase a realización de actividades de aprendizaxe a través de diferentes modalidades ou vías, que lle permitan ó alumno a súa elección segundo o tipo de grao de dificultade, sen pretender que todos os alumnos aduqiran o mesmo nivel de aprendizaxe sobre todo os contidos do curso. Así cada individuo debe ser avaliado, non por comparación co tipo medio, senón con criterios de avaliación establecidos que admiten diferentes graos e niveis de realización que non implican que todos os membros do conxunto logren as mesmas aprendizaxes ou graos respecto dos contidos.

Outras estratexias tamén poderían ser a utilización de materiais didácticos diversos, de maior ou menor complexidade (corpos e figuras xeométricas, por exemplo) relacionados cos contidos, así como a combinación de agrupamentos (individuais ou en grupo) para a realización de distintas actividades, potenciando que a relación se extenda fora da aula. E sen esquecer a utilización dos recursos informáticos e novas tecnoloxías (TIC) no proceso de elaboración de imaxes.

Con respecto á metodoloxía , fomentárase a participación activado alumnado , tanto de xeito individual como no traballo en grupo. Incidirase na procura de que o alumnado sexa capaz de aprender a aprender e de aumentar o grao de autonomía persoal.

MEDIDAS ESPECÍFICAS

- Os/as alumnos/as que repitan curso e que teñan suspensa a materia ben por non traballar ou ben por non presentar os exercicios co ritmo e nas datas fixadas, recibirán reforzo en aspectos actitudinais.
- Os/as alumnos/as que repitan curso e que teñan a materia aprobada realizarán actividades con distinto plantexamento ás do curso pasado.
- No caso de alumnos/as con problemas serios de comprensión, psicomotricidade ou calquera outra dificultade que lle impedisese o seu normal desenvolvemento na materia, o profesor, xunto co Departamento de Orientación, preparará unidades adaptadas ás súas aptitudes e valorárase, de acordo co equipo directivo do centro, a necesidade dunha atención personalizada.
- En todos os temas se expoñerán exercicios complementarios voluntarios para todos os alumnos que queiran ampliar e practicar os coñecementos adquiridos.
- Tanto para reforzar os coñecementos dos alumnos que non alcanzan os obxectivos por comprensión e non por conduta negativa, así como para aqueles alumnos que queren ampliar e traballar mais na materia, se utilizará a aula virtual, onde terán á súa disposición diferentes traballos e propostas para traballalas na casa.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión da lectura		X		X		X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita		X		X		X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital		X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial				X		X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico				X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual coopera de forma activa no tratamento dos temas transversais coas seguintes actuacións nas aulas: - Análise crítico de mensaxes publicitarias, rexeitando as que podan inducir a un consumismo desmedido, así como aquelas que denoten discriminación sexual. - Asimilación do escenario visual e plástico, contribuíndo ó respecto ó medio ambiente e a contorna urbana. - Análise de materiais impresos e audiovisuais integrando e relacionando os recursos verbais e plásticos-visuais que empregan. - Análise de valores estéticos no entorno social, promovendo a valoración, respecto e conservación do patrimonio. - Análise crítico de deseños de varios tipos (gráficos, arquitectónicos, urbanísticos), considerando a adecuación dos mesmos ó consumidor, á saúde e ó medio ambiente. - Debate e traballos colectivos, favorecendo as capacidades de relación, o respecto polas opinións alleas, a cooperación e o desenvolvemento da estabilidade emocional do alumno, a súa autoestima, independencia e autonomía. - Fomento da Lectura: O alumnado das materias do Departamento de Debuxo participa de xeito activo no IV Festival Montenegro de Arte e Novela negra As lecturas dos libros están vinculadas aos escritores invitados. O alumnado fará un traballo artístico relacionado coa lectura dunha das novelas ou relatos. - Fomento das TIC: É evidente que as TIC amplían o campo de aplicación da nosa materia. Agora, xa non só traballamos na aprendizaxe da teoría e a práctica das técnicas gráfico-plásticas ou linguaxes visuais tradicionais senón que debemos formar e orientar no uso de novas ferramentas e medios dixitais que forman parte do currículo. Tendo presentes as dificultades, desde a área de Educación Plástica Visual e Audiovisual promoveremos de forma xeral: a lectura e creación das mensaxes audiovisuais; a autonomía, a responsabilidade e o espírito crítico cara aos medios; e o bo uso de Internet: licenzas, identificación de fontes, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Esculturas na area en A Lanzada	Saída a praia para elaborar esculturas coa arena			
Actividades do centro	Participación nas diferentes actividades realizadas e organizadas polo centro e que estean relacionadas coa materia e cos temas transversais			
Concursos	Participación en concursos relacionados coa propia materia ou con outras áreas onde se poña en práctica o aprendido nas clases			
Talleres	Saída a unha localidade ou espazo próximo para a realización de talleres, ou participación en talleres organizados dentro do centro dun día ou varias horas			
Visitas a exposicións	Visita a algunha exposición que se celebre na localidade y que sexa de interese para o alumnado, e outras visitas fóra da localidade e que estean relacionados coa materia e cos contidos do curso			
Participación en exposicións	Preparación de exposicións no recinto escolar e se fora posible nalgunha sala da localidade ou fora desta			

Observacións:

Nesta programación fixaranse as saídas que poden preverse con anterioridade ao principio do curso escolar e sinalaranse outras posibles cuxa realización depende de axentes externos a nosa previsión (exposicións temporais, adecuación de propostas de outros departamentos as nosas actividades, dispoñibilidade de especialistas para a realización de talleres específicos, etc.) e que levaranse a cabo sempre en coordinación coa Vicedirección, tendo en conta a non interrupción de outras actividades e principalmente o beneficio para o alumnado e o seu aprendizaxe.

Especificáanse a tipoloxía de actividades que o Departamento tería intención de levar a cabo. Debido a que na maioría delas é difícil fixar a data ao comezo do curso simplemente pretendese reflectir a intención do Departamento de Debuxo tendo en conta que de levarse a cabo habería que fixar os estándares de aprendizaxe que vansen a traballar para cada unha das actividades e ser e aprobada polo Consello Escolar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
(P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome a este.
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación.
(M) Amoso, ao principio de cada unidade didáctica, traballos variados de cursos anteriores, que se adaptan á tarefa solicitada para que sirvan de exemplo ao alumnado.
(M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.

(M) Os exercicios que propoño son diversos e están relacionados cós intereses do meu alumnado e con situacións reais.
(M) Na metodoloxía que aplico emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, dixital.
(M) Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma
(AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, de organizara as actividades e traballar os contidos.
(AD) Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade.
(AD) Teño en conta o alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).
(A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
(A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe.
(A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Periodicamente nas reunións de Departamento os membros integrantes exporán o grao de consecución dos obxectivos propostos na programación didáctica. As anotacións que se fagan e se redacten nas actas serán estudadas fundamentalmente para:

1. Expor na xefatura de estudos, secretaría, orientación o titoría, peticións indispensables para a consecución dos obxectivos.
2. Cambiar criterios ou procedementos.
3. Modificar os talleres.
4. Modificar a programación para adaptarse as necesidades dos alumnos.
5. Facer as modificacións metodolóxicas que puideran mellorar a práctica docente e de aprendizaxe do alumnado.
6. Realizar actividades extraescolares.

Ademais do análise semanal e trimestral da evolución e desenvolvemento da programación, a memoria final de curso será o instrumento que avaliará a programación, suscitando, se fose necesario, as modificacións oportunas para o vindeiro curso escolar.

Por último, establecece un modelo para a revisión, avaliación e modificación da programación didáctica que se presenta en forma de rúbrica, na que figuran os seguintes ítems:

- Organizáronse, secuenciáronse e seguíronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación as distintas unidades da programación.
- Avaliáronse axeitadamente as competencias clave e destrezas para as que foron deseñadas rúbricas.
- Determinouse de xeito axeitado o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe.
- Deseñouse a avaliación inicial de maneira que os resultados serviron para a detección do nivel de competencia do alumnado.
- Medidas de atención á diversidade relacionadas co grupo específico de alumnos: tivéranse en conta co grupo específico de alumnos as medidas xerais propostas.
- Medidas de atención á diversidade relacionadas co grupo específico de alumnos: tivéronse en conta co grupo específico de alumnos as medidas específicas propostas.
- Contempláronse as medidas específicas de intervención educativa propostas para os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
- Realizáronse adaptacións curriculares aos alumnos que o necesitaron.
- Marcáronse planes de apoio, reforzo, recuperacións ou ampliación ao alumnado vinculados aos estándares de aprendizaxe.
- Tiveron eficacia os planes de apoio, reforzo, recuperacións ou ampliación ao alumnado vinculados aos estándares de aprendizaxe.
- Presentáronse dende a área estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión oral e escrita.
- Consideración de medidas para incorporar as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe
- Aplícanse as medidas xerais da metodoloxía didáctica.
- Aplícanse as medidas específicas da metodoloxía didáctica.
- Vinculación das unidades de programación coas situacións reais, significativas, funcionais e motivantes para o alumnado
- Identifícase axeitadamente os instrumentos de avaliación cos estándares de aprendizaxe.
- Infórmase ao alumnado es as familias dos estándares de aprendizaxe. Procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e grao mínimo de consecución dos EA.
- Analizáronse os recursos didácticos incluídos materiais, libros de texto, etc.
- Tratáronse de maneira precisa os temas transversais ao longo do curso.
- Actividades extraescolares e complementarias.

9. Outros apartados